UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | |
|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | 2024/25 |
| Asignatura (*) | Terapia ocupacional, diversidade funcional e calidade de vida | Código | 653G01413 |
| Titulación | | | |

| Descriptores | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuadrimestre | Cuarto | Optativa | 6 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Idioma | Castelán | | |
| Modalidade docente | Presencial | | |
| Prerrequisitos | | | |
| Departamento | Ciencias da SaúdeFisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas | | |
| Coordinación | Nieto Riveiro, Laura | Correo electrónico | laura.nieto@udc.es |
| Profesorado | Meijide Failde, Rosa<br>Miguens Vázquez, Xoán<br>Montoto Marqués, Antonio<br>Nieto Riveiro, Laura<br>Santos del Riego, Sergio Eduardo | Correo electrónico | rosa.meijide.failde@udc.es<br>xoan.miguens.vazquez@udc.es<br>antonio.montoto@udc.es<br>laura.nieto@udc.es<br>sergio.santos.delriego@udc.es |
| Web | | | |
| Descrición xeral | Esta materia pretende o desenvolvemento de competencias que permitan ao alumnado comprender e aplicar os coñecementos relacionados con todos aqueles aspectos da terapia ocupacional que, polas súas características especiais, non se incluíron en materias específicas de terapia ocupacional, tales como a diversidade funcional, a calidade de vida, as políticas de calidade asistencial e universitaria en ciencias da saúde, e outros temas de innovación e interese en terapia ocupacional. Preténdese que esta materia teña certo grao de variabilidade temática (1 créditos  ECTS) a efectos de abordar temas de actualidade vixente e proxección futura de interese para a terapia ocupacional en particular e para a sociedade en xeral. | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | |
|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Desenvolver un sistema de valores que manteña a filosofía profesional. | A1<br>A3<br>A12<br>A13<br>A15<br>A16<br>A17<br>A20<br>A23<br>A29<br>A31 | B2<br>B3<br>B5<br>B7<br>B9<br>B11<br>B13<br>B15<br>B18<br>B19<br>B23<br>B24<br>B25<br>B26<br>B27<br>B28<br>B29<br>B31<br>B33<br>B35<br>B36<br>B37 | C4<br>C6<br>C7<br>C8 |
| Desenvolver unha base teórica e unha base de coñecemento ligado á profesión. | A1<br>A3<br>A12<br>A13<br>A15<br>A16<br>A17<br>A20<br>A23<br>A29<br>A31 | B1<br>B2<br>B3<br>B5<br>B6<br>B7<br>B9<br>B12<br>B13<br>B15<br>B18<br>B19<br>B23<br>B24<br>B25<br>B26<br>B27<br>B28<br>B29<br>B31<br>B32<br>B33<br>B35<br>B36<br>B37 | C4<br>C6<br>C7<br>C8 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Desenvolver habilidades prácticas e aplicar os coñecementos de temas xerais e específicos de interese actual e proxección de futuro a efectos de ligalos á profesión. | A1<br>A3<br>A6<br>A12<br>A13<br>A16<br>A17<br>A20<br>A23<br>A34 | B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B7<br>B9<br>B11<br>B13<br>B14<br>B15<br>B16<br>B18<br>B19<br>B23<br>B24<br>B25<br>B26<br>B27<br>B28<br>B29<br>B30<br>B31<br>B32<br>B33<br>B35<br>B36<br>B37 | C4<br>C6<br>C7<br>C8 |
| Adquirir a capacidade para educar, facilitar, apoiar e animar o funcionamento ocupacional, o benestar e o confort das poboacións, comunidades, grupos e individuos cuxas vidas están afectadas ou teñan risco de estalo, por limitación no funcionamento, sufrimento ou enfermidade. | A1<br>A5<br>A6<br>A9<br>A10<br>A15 | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Coñecer e ser capaz de aceptar a responsabilidade da súa propia aprendizaxe e desenvolvemento profesional continuado, utilizando a avaliación como medio para reflectir e mellorar a súa actuación e actualizar a calidade dos servizos prestados. | A21<br>A33<br>A34<br>A35 | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B7<br>B8<br>B9<br>B11<br>B12<br>B13<br>B14<br>B15<br>B16<br>B17<br>B18<br>B21<br>B22<br>B23<br>B24<br>B25<br>B26<br>B27<br>B28<br>B34<br>B35<br>B36<br>B37 | C4<br>C5<br>C7 |
| Adquirir a capacidade de demostrar e manter que a actuación profesional axústase a estándares de calidade e que a práctica está baseada na evidencia. | A21<br>A33<br>A34<br>A35 | B36 | C4<br>C5<br>C6<br>C7<br>C8 |
| Adquirir a capacidade para permitir que a poboación usuaria e as persoas coidadoras expresen as súas preocupacións e intereses e que se poida responder adecuadamente ás súas necesidades. | A4<br>A6<br>A7<br>A8<br>A22<br>A24 | | |
| Adquirir a capacidade para traballar e comunicarse en colaboración e de forma efectiva con todo o persoal para priorizar e xestionar o tempo eficientemente mentres se alcanzan os estándares de calidade. | A31<br>A32<br>A33<br>A34<br>A35 | | C4<br>C5<br>C6<br>C7<br>C8 |
| Adquirir a capacidade para levar a cabo avaliacións de calidade da xestión de todos os ámbitos laborais da profesión de terapia ocupacional. | A31<br>A32<br>A33<br>A34<br>A35 | B36 | C5<br>C6<br>C7<br>C8 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Adquirir a capacidade para utilizar os recursos sociosanitarios e económicos eficientemente. | A31<br>A32<br>A33<br>A34<br>A35 | B7<br>B11<br>B24<br>B29<br>B34<br>B36 | C4<br>C5<br>C6<br>C7<br>C8 |

| Contidos | |
|---|---|
| **Temas** | **Subtemas** |
| Tema 1.- Entornos saudables e sostibles para o benestar e a calidade da vida da cidadanía. Sostibilidade versus sustentabilidade. Calidade. Diversidade. | Saúde, promoción de saúde, alfabetización de saúde, sostibilidade versus sustentabilidade, dereitos humanos, Rede Iberoamericana de Universidades Promotoras de Saúde, Rede Española de Universidades Promotoras de Saúde, e outros.<br>Calidade.<br>Diversidade. |
| Tema 2.- Hábitos, rutinas e estilos de vida saudables. | Alimentación saudable.<br>Exercicio físico, actividade física e deporte.<br>Benestar psicolóxico.<br>Determinantes sociais de saúde. |
| Tema 3.- Entrevista e currículum vitae. | Entrevista persoal.<br>Currículum vitae. |
| Tema 4.- Comunicación verbal e non verbal das persoas nas rutinas cotiás e no eido profesional. | Elementos da comunicación.<br>Comunicación non verbal.<br>Comunicación no eido profesional. |
| Tema 5.- Igualdade e diversidade. | Igualdade versus desigualdade.<br>Diversidade e participación. |
| Tema 6.- Políticas de igualdade. | Igualdade de xénero.<br>Violencia de xénero.<br>Saúde e xénero.<br>Discapacidade. |
| Tema 7.- Política, relixión e dereitos humanos. | Pensamento ideolóxico.<br>Influencia das políticas e relixións na cotidianeidade.<br>Dereitos humanos. |
| Tema 8.- Sexualidade desde terapia ocupacional. | Dimensións da sexualidade.<br>Análise e abordaxe desde terapia ocupacional.<br>Situacións específicas: consideracións. |
| Tema 9.- A auga como entorno terapéutico. | A auga como entorno terapéutico. Conceptos, evolución histórica e situación actual.<br>Tipos de centros e usos.<br>Valor terapéutico da auga.<br>Características do entorno acuático e as actividades na auga: factores físicos, psíquicos, sensorio-afectivos, sociais e ocupacionais.<br>O entorno acuático na idade infantil.<br>A auga como elemento facilitador do desenvolvemento. Utilización do medio acuático na atención temperá.<br>Usos da auga e da actividade acuática na idade adulta e a vellez.<br>Usos en diversas condicións de saúde e indicacións terapéuticas.<br>Entorno acuático e traballo en equipo. |

| | |
|---|---|
| Tema 10 e ss.- Adquisición doutras competencias relacionadas con contidos de actualidade e proxección futura, de exclusivo interese para estudantes de terapia ocupacional, que preferiblemente non fosen impartidos no título e que poden substituír aos presentados neste programa a criterio de cada docente. | Contidos variables en función da actualidade. |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias / Resultados** | **Horas lectivas (presenciais e virtuais)** | **Horas traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Actividades iniciais | B12 | 1 | 0 | 1 |
| Sesión maxistral | A1 A3 A6 A9 A29 B32 C6 | 42 | 0 | 42 |
| Traballos tutelados | A35 A33 A32 A31 A24 A23 A22 A21 A20 A17 A16 A15 A13 A12 A10 A9 A8 A7 A6 A5 A4 A3 A1 B37 B36 B35 B34 B30 B29 B28 B27 B26 B25 B24 B23 B22 B21 B19 B18 B17 B16 B15 B14 B13 B12 B11 B9 B8 B7 B6 B5 B4 B3 B2 B1 | 1 | 80 | 81 |
| Aprendizaxe servizo | A1 A6 A12 A23 B5 B6 B7 B17 C4 | 0 | 20 | 20 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | A29 A34 B31 B33 C4 C5 C6 C7 C8 | 3 | 0 | 3 |
| Atención personalizada | | 3 | 0 | 3 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Actividades iniciais | Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe co fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con esta metodoloxía preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do alumnado.<br><br>Permite adquirir competencias de inicio e adaptación referidas a esta materia. |

| | |
|---|---|
| Sesión maxistral | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.<br>A clase maxistral é tamén coñecida como "conferencia", "método expositivo" ou "lección maxistral". Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un(ha) docente en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.<br><br>Permite adquirir as competencias específicas apuntadas nesta materia. |
| Traballos tutelados | Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do estudantado, baixo a tutela do equipo docente e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe de "como facer as cousas". Constitúe unha opción baseada na asunción polo alumnado da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.<br><br>Permite adquirir as competencias específicas apuntadas nesta materia. |
| Aprendizaxe servizo | Actividade que integra o servizo á comunidade coa aprendizaxe de contido e a adquisición de competencias a partir da práctica reflexiva. A principal diferencia co voluntariado reside en que os proxectos de ApS dan resposta sempre a resultados de aprendizaxe asociados a unha materia do currículo académico co obxectivo de conseguir determinadas competencias propias da titulación en que se enmarca esa materia.<br><br>Permite adquirir as competencias específicas apuntadas nesta materia. |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | Actividades realizadas polo alumnado que implican a asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.) co obxectivo de profundar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia. Estas actividades proporcionan ao alumnado coñecementos e experiencias actuais que incorporan as últimas novidades referentes a un determinado ámbito de estudo.<br><br>Permiten adquirir as competencias específicas apuntadas nesta materia. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Traballos tutelados | A atención personalizada e as titorías estableceranse co profesorado da materia, nun horario axeitado tanto para o alumnado como para o equipo docente. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | **Cualificación** |
| Sesión maxistral | A1 A3 A6 A9 A29 B32 C6 | Asistencia obrigatoria ao 80% das clases. | 50 |
| Traballos tutelados | A35 A33 A32 A31 A24 A23 A22 A21 A20 A17 A16 A15 A13 A12 A10 A9 A8 A7 A6 A5 A4 A3 A1 B37 B36 B35 B34 B30 B29 B28 B27 B26 B25 B24 B23 B22 B21 B19 B18 B17 B16 B15 B14 B13 B12 B11 B9 B8 B7 B6 B5 B4 B3 B2 B1 | Traballo centrado nunha temática proposta polo equipo docente ou polo alumnado.<br>Inclúe tanto a entrega do documento escrito como a súa exposición.<br>De carácter obrigatorio. | 40 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Aprendizaxe servizo | A1 A6 A12 A23 B5 B6 B7 B17 C4 | Metodoloxía que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe, en que o alumnado se forma traballando en necesidades reais da súa contorna.<br>Consiste na proposta dunha temática que permita realizar unha aprendizaxe que mellore as necesidades da contorna.<br>De carácter voluntario. | 10 |

## Observacións avaliación

O sistema de cualificacións expresarase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no artigo 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspenso, 5-6.9=Aprobado, 7-8.9=Notable, 9-10=Sobresaliente, 9-10 Matrícula de honra (Graciable).

Os aspectos e criterios que se terán en consideración ao avaliar as actividades que se farán en torno a cada metodoloxía son a asistencia, a participación e o compromiso individual e grupal, con coherencia dos contidos abordados e adquisición de competencias referidas para esta materia.

En concreto:

- Asistencia: mínimo do 80%; cumprindo esta porcentaxe obteranse 5 puntos.
- Traballo tutelado (obrigatorio): máximo 4 puntos.
- Aprendizaxe e servizo (voluntario): máximo 1 punto.

Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da Universidade da Coruña.

A docente responsable resérvase a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación ou noutros aspectos da materia, que serán notificados ao estudantado coa suficiente antelación.

## Fontes de información

| | |
|---|---|
| **Bibliografía básica** | - Ana Isabel Souto Gómez, Teresa Facal Fondo, Miguel Á. Talavera Valverde, Luis Manuel Rodríguez Otero (2019). Terapia ocupacional y promoción de la salud. Madrid: Síntesis<br>- Anna Freixas Farré (2018). Sin reglas. Erótica y libertad femenina en la madurez. Madrid: Capitán Swing Libros<br>- Anna Freixas Farré (2013). Tan frescas. Las nuevas mujeres mayores en el siglo XXI. Barcelona: Paidós<br>- A. Cuesta Gómez, J.A. Moreno Ruiz, Ricard Gutiérrez Martí (1986). La calidad de la asistencia hospitalaria. Barcelona: Doyma<br>- Carlos Álvarez Nebreda (1994). Administración sanitaria y sistemas de salud. Madrid: Síntesis<br>- Dulce María Romero Ayuso, José Matías Triviño Juárez (2018). La investigación cuantitativa y la práctica basada en la evidencia en terapia ocupacional. Madrid: Síntesis<br>- Francisco Gil Rodríguez, José María León Rubio (1998). Habilidades sociales: Teoría, investigación e intervención. Madrid: Síntesis<br>- H.V. Vuori (1988). El control de calidad en los sistemas sanitarios. Conceptos y metodología. Barcelona: Masson<br>- Isidro Sánchez Blanco (2006). Manual SERMEF de rehabilitación y medicina física. Buenos Aires: Médica Panamericana<br>- Javier Güeita Rodríguez, María Alonso Fraile (2015). Terapia acuática: Abordajes desde la fisioterapia y terapia ocupacional. Madrid: Elsevier<br>- Jesús María Aranaz Andrés, Julián Vitaller Burillo (2002). La calidad, un objetivo de la asistencia, una necesidad de la gestión sanitaria. Valencia: Escuela Valenciana de Estudios para la Salud<br>- Joel A. Delisa, Bruce M. Gans (2005). Physical medicine and rehabilitation principles and practice (4ª ed.). Nueva York: Lippincott-Raven<br>- José Luis Miranda Mayordomo (2004). Rehabilitación médica. Madrid: Aula Médica<br>- J.A. Muir Gray (1997). Atención sanitaria basada en la evidencia. Madrid: Churchill Livingstone<br>- J.M. Rumbo Prieto, Luis Arantón Areosa, Nuria García Gonzalo (2005). "TOBE" o no "TOBE", actitudes para la práctica de la terapia ocupacional basada en la evidencia (TOBE). Revista TOG, 2: 1-28<br>- Martha Alicia Alles (2015). Dirección estratégica de recursos humanos. Vol. 1. Gestión por competencias (3ª ed.). Buenos Aires: Granica<br>- Noemi Parra, Moisés Oliva (2016). Sexualidades diversas. Manual para atención de la diversidad sexual en las personas con discapacidad intelectual o del desarrollo. FEAPS Canarias<br>- Organización Mundial de la Salud (2006). Defining sexual health. Ginebra: OMS<br>- Sergio Santos del Riego (2005). Calidad y convergencia europea en terapia ocupacional. A Coruña: Editorial Internacional de Terapia Ocupacional, Universidade da Coruña<br>- Xavier Badia, Jordi Alonso (2007). La medida de la salud: Guía de escalas de medición en español. Barcelona: Edittec<br>- William H. Cormier, Sherilyn Cormier (2004). Estrategias de entrevistas para terapeutas: Habilidades básicas e intervenciones cognitivo-conductuales (3ª ed.). Bilbao: Desclée de Brouwer<br>Modelo EFQM: https://efqm.org/es/the-efqm-model/Modelos ISO: https://www.fundibeq.org/informacion/infoiso/iso-modelos-de-excelenciaModelo EFQM: https://efqm.org/es/the-efqm-model/Modelos ISO: https://www.fundibeq.org/informacion/infoiso/iso-modelos-de-excelencia |
| **Bibliografía complementaria** | - (). .<br>Incorporaranse outras citas bibliográficas en cada novo curso, segundo temas de actualidade e vixencia, con proxección futura e de interese para a disciplina de terapia ocupacional. |

| Recomendacións |
|---|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |
| |
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |

### Materias que continúan o temario

### Observacións

1.- Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sostible e cumprir cos obxectivos estratéxicos 1 e 2 do "V Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2023-2025)", os traballos documentais que se realicen nesta materia:a.- Na súa maioría se solicitarán en formato
virtual e soporte informático.b.- De realizarse en papel:- Non se empregarán
plásticos.
- Realizaranse impresións a dobre cara.
- Empregarase papel reciclado.
- Evitarase a impresión de borradores.

2.- A docente responsable da materia resérvase a posibilidade de realizar algún
cambio na avaliación ou noutros aspectos que serán notificados ao alumnado coa suficiente antelación.3.- A docente responsable da materia aplicará a correspondente normativa da Universidade da Coruña ante a detección de calquera tentativa de plaxio motivada por un(ha) estudante no desenvolvemento dos seus traballos. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente unha cualificación de suspenso (nota numérica '0') na convocatoria en que se cometa a falta, tanto se a falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a cualificación na acta da primeira oportunidade, se fose necesario.

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**